

Martes, 23 de novembro de 2021

Núm. 226

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CALDAS DE REIS

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS

Expediente: 1628/2020

Por decreto de Alcaldía de data 15 de novembro de 2021 aprobouse definitivamente o Plan Municipal de Prevención e Defensa contra Incendios, que a continuación se transcribe. Ábrese o período de información pública durante 15 días hábiles, así mesmo, estará a disposición dos interesados no Taboleiro de Anuncios e na sede electrónica do concello <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>

“DECRETO ALCALDÍA DE APROBACIÓN PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS

Antecedentes

Decreto de Alcaldía de data 20 de xullo de 2020, polo que se aprobou inicialmente o Plan Municipal de Prevención de Incendios, elaborado por Raúl Vilela Darriba, colexiado nº 1258, e visado polo colexio oficial de enxeñeiros técnicos forestais de Galicia o 28/09/2019.

Apertura dun período de información pública durante vinte días hábiles, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 143, de 28 de xullo de 2020. Así mesmo, estivo a disposición dos interesados no Taboleiro de Anuncios e na sede electrónica do concello <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>.

Non formulándose alegacións, solicitouse informe preceptivo e vinculante á Dirección Xeral de defensa do Monte da Consellería de Medio Rural.

O 10 de novembro de 2020, rexistro de entrada 5517, recibise o citado informe no que se conclúe”... Logo de revisar o documento enviado polo concello de Caldas de Reis, comprobouse que este fai referencia ao Plan de Actuación Municipal fronte a Incendios Forestais e non ao plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais establecido no artigo 16 da Lei 3/2007, do 9 de abril....”

O 1 de setembro de 2021 rexistro de entrada 1117, D^a Erika Martínez Carreira, en representación da empresa Sinergias Sostenibles Resiforest S.L. presenta un escrito no que manifesta”...Unha vez feita a revisión do Plan De Actuación Municipal fronte incendios Forestais presentado anteriormente, entrégase o seguinte Plan Municipal de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais de Caldas de Reis, segundo os criterios elaborados en colaboración con SEAGA e o IET.”

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: A9Y7C8G5XIBND73N



Martes, 23 de novembro de 2021

Núm. 226

Decreto de Alcaldía de data 9 de setembro de 2021, polo que se aprobou inicialmente o Plan Municipal de Prevención de Incendios, elaborado por Raúl Vilela Darriba, colexiado nº 1258, de agosto 2021.

Apertura dun período de información pública durante vinte días hábiles, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 182, de 21 de setembro de 2021. Así mesmo, estivo a disposición dos interesados no Taboleiro de Anuncios e na sede electrónica do concello <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>.

Non formulándose alegacións, solicitouse informe preceptivo e vinculante á Dirección Xeral de defensa do Monte da Consellería de Medio Rural.

O 11 de novembro de 2021, rexistro de entrada 6162, recibise o citado informe no que se conclúe "...que o Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Caldas de Reis cumpre cos requisitos mínimos establecidos no artigo 16 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, para a súa aprobación."

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 16.5 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e en artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar definitivamente o o Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Caldas de Reis, elaborado por Raúl Vilela Darriba, colexiado nº 1258, de agosto 2021

SEGUNDO. A aprobación definitiva remitirase ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación por quince días. Así mesmo, estará a disposición dos interesados no Taboleiro de Anuncios e na sede electrónica do concello <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>

Documento datado e asinado dixitalmente á marxe.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: A9Y7C8G5XIBND73N

